1. Identifica o clima:

Clima:	CARACTERÍSTICAS:
	Ten temperaturas medias superiores aos 18 °C, os invernos son suaves e os veráns calorosos. No relativo ás precipitacións, ten unha estación seca e outra chuviosa. Neste tipo de clima prodúcense os monzóns. Hai varios subtipos: tropical, sabana e monzónico.
	É un subtipo de clima propio do interior dos continentes en latitudes medias. Son zonas pouco húmidas e con temperaturas extremas: invernos fríos e veráns cálidos. As precipitacións son escasas é concéntranse en determinadas estacións.
	Caracterízase por temperaturas extremas, moi frías pola noite e moi altas durante o día. As precipitacións son escasas. Localízase ao norte e ao sur dos trópicos. Un bo exemplo son os desertos do Sahara, de Arabia, do Gobiou e do Kalahari.
	Este clima podémolo atopar nas zonas elevadas das grandes cordilleiras do planeta. As temperaturas son frías e existe unha elevada humidade. En consecuencia, os invernos son moi fríos e longos, e os veráns frescos e curtos. As precipitacións adoitan ser en forma de neve e van desde o outono ata a primavera. É típico do norte de Europa.
	Caracterízase por ter temperaturas cálidas durante todo o ano (a media anual é superior a 27 °C) e precipitacións abundantes. Podemos atopar este tipo de clima na selva amazónica e en África central.
	Caracterízase por ser propio dos círculos polares, cunha temperatura media anual inferior aos 0 °C e con precipitacións escasas en forma de neve. É o clima característico da Antártida ou das montañas de Alaska.
	Este subtipo de clima é propio das zonas oceánicas de latitudes medias. En Europa podémolo atopar na fachada atlántica de Portugal, España e Francia, entre outros países do mundo. Os veráns son suaves e os invernos non moi fríos. As precipitacións son abundantes todo o ano. Este é o clima característico de Galicia.
	É característico das zonas bañadas polo mar Mediterráneo. Ten invernos suaves e veráns cálidos e secos. As precipitacións non son moi abundantes e concéntranse nas estacións da primavera e do outono.

LIVEWORKSHEETS